



## **DECRETO DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN E PUBLICACIÓN DAS LISTAS DEFINITIVAS DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE DE PRAZAS DE OPERARIOS/AS DE SERVIZOS MÚLTIPLES EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA SUBSTITUCIÓN**

Vista a Resolución da Alcaldía do día 17 de agosto de 2022 (Decreto número 2022-0258), na que se aprobaban as listas provisionais de admitidos/as e excluídos/as para creación dunha bolsa de traballo polo sistema de concurso-oposición libre de prazas de operarios/as de servizos múltiples en réxime de persoal laboral temporal para substitucións.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de reclamacións ás listas provisionais de aspirantes, entre o 19 de agosto e o 1 de setembro de 2022, ámbolos dous inclusive (dez días hábiles desde a publicación do Decreto de aprobación das listas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (<https://concelloasneves.sedelectronica.gal>), e unha vez examinadas as mesmas.

De acordo coas Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 5 de xullo de 2022 e anunciadas no BOPPO número 132, de 13 de xullo de 2022, que foi rectificado polo BOPPO número 138, de 20 de xullo de 2022, esta Alcaldía, no uso das facultades atribuídas polo artigo 21.1.g), da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e demais disposicións concordantes

### **RESOLVE**

**Primeiro.-** Estimar as alegacións, todas elas relativas á subsanación de documentación, presentadas por tódolos reclamantes.

**Segundo.-** Aprobar a seguinte relación de aspirantes admitidos/as e excluídos/as:

### **ADMITIDOS/AS**

1. ALFONSO ÁLVAREZ, CONCEPCIÓN
2. BARBOSA ÁLVAREZ, FRANCISCO
3. DAVILA ALONSO, ÓSCAR DAVID
4. FERNÁNDEZ RUÍZ, ADRIÁN
5. GIL DOMÍNGUEZ, ALBERTO
6. GIL GARCÍA, JOSÉ



7. GIL HERNANZ, HÉCTOR
8. GONZÁLEZ ÁLVAREZ, DANIEL
9. MACAYO LÓPEZ, JORGE JUAN
10. MARINO GONZÁLEZ, JOSÉ MANUEL
11. PARAMÉS GONZÁLEZ, SAMUEL
12. UBEIRA DOMÍNGUEZ, DANIEL
13. VILA SOUTULLO, XOSÉ-MANUEL

### EXCLUÍDOS/AS

ASPIRANTE	MOTIVO DA EXCLUSIÓN
GARCÍA BOTELLA, JUAN BAUTISTA	1
MÉNDEZ ÁLVAREZ, JOSÉ BELARMINO	1
ORTA NÚÑEZ, IAGO	1

Sendo os motivos de exclusión os seguintes:

1. Falta fotocopia do Certificado de Escolaridade ou equivalente (ou o documento aportado non é válido)

**TERCEIRO.** A persoa que deberá face-la proba de galego, no caso de superar o resto de probas, por non xustificar adecuadamente o seu coñecemento, é:

- GIL HERNANZ, HÉCTOR

**CUARTO.** O Tribunal constituirase o día 15 de setembro de 2022, ás dez (10:00) horas e procederá a continuación a baremación dos méritos dos/as aspirantes.

A realización do primeiro exercicio desenvolverase o día 29 de setembro de 2022 ás dez (10:00) horas.

O lugar onde desenvolverase este primeiro exercicio será o Centro Social do Concello As Neves, situado na Rúa Marquesa do Pazo, 22.

Os/as aspirantes deberán presentarse á proba provistos/as do seu DNI ou documento oficial que permita a súa identificación, así como dos medios materiais axeitados para a práctica da mesma.

Concluído este primeiro exercicio, o Tribunal fará pública a relación de aspirantes que o superasen, coa indicación da puntuación ou cualificación obtida no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello <https://concelloasneves.sedelectronica.gal/>. Os/as aspirantes non incluídos/as na lista terán a consideración de non aptos/as, e polo tanto, quedarán eliminados/as do proceso selectivo.

**QUINTO.** O Tribunal está integrado por:

Presidenta: Concepción Eulalia Solano de Eyto, técnica de xestión do Concello das Neves. Suplente: Ramona Giráldez Carballo, administrativa do Concello das Neves

Vogal: Manuel Gándara Souto, oficial de servizos múltiples do Concello das Neves. Suplente: Manuel Salvador Fernández Alcántara, oficial de Servizos Múltiples-Conductor do Concello das Neves

Secretario: José María Carro Diz, auxiliar administrativo do Concello As Neves. Suplente: Borja Cachaldora Pascual, policía local do Concello As Neves.

**SEXTO.** Que se publique esta Resolución taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello <https://concelloasneves.sedelectronica.gal>.

Así o di, manda e firma o Sr. Alcalde, na data que figura no marxe deste documento asinado electronicamente, do que, eu Secretario-Interventor, dou fe.

